



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 30 DE MAIO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de maio de dous mil dezaseis; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintetres de maio de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Miguel Angel Justo Bernárdez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 17, 1ºC, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 09-02-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Francisco Javier Vázquez Soenga**, con domicilio na rúa do Carballiño nº 67, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.



E visto que en data de 24-05-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- De Agader, Resolución do Director Xeral relativo a concesión de subvención para o denominado Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado con Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

- Da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, relativo a vixilancia sanitaria de auga de abastecemento.

- Da empresa Extraco S.A., escrito solicitando a interrupción do prazo de prescripción para reclamación de intereses moratorios da cantidade aboada a traves do mecanismo de pago a provedores do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro.

- Da Xefatura Territorial do Servicio de Emprego e Economía Social, Resolución de 24.05.2016 concedendo subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras de Risga.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de abril 2016, por importe de 1.149 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

ADXUDICACION DE CONTRATO MENOR

Vista a tramitación da licitación do contrato menor relativo a subministro de produtos para tratamento da piscina municipal, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a oferta económica presentada e obrante no expediente así como informe do Director das Instalacións deportivas, por unanimidade dos seus asistentes, acorda adxudicar o contrato de menor de subministro de produtos químicos para a piscina municipal sita na Veronza a empresa Lincold Ibérica S.L. coas condicións que constan na oferta presentada, por importe máximo de 2.500 euros I.V.E. incluído.



6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce e media do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.